



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

ACTA Nº 4/2016

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA CINCO DE ABRIL DE DOUS MIL DEZASEIS.**

En Ordes, a cinco de abril de dous mil dezaseis.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA Mª SONEIRA LIÑARES
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- PAULA CASTENDA BLANCO
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- VERÓNICA GÓMEZ FUENTES

Non asisten:

- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

Polo Sr. Secretario procédese a dar lectura á declaración institucional que os grupos políticos con representación no Concello de Ordes (PP, UXO, BNG e PSdeG-PSOE) aproban por unanimidade:

**DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE ORDES  
CONTRA A EXPULSIÓN DE PERSOAS REFUXIADAS A TURQUÍA**



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

O pasado 18 de marzo a Unión Europea e Turquía confirmaron o acordou anunciado polo que milleiros de persoas refuxiadas serán deportadas a Turquía, que se converte así nun muro de contención e nun enorme espazo de acampamento sen solución nin futuro. Europa evita así recibir milleiros de persoas a fuxir da guerra de Siria ou dos conflitos de Irak, Libia, Afganistan ou outros países. Turquía recibe a cambio 6 000 millóns de euros e importantes vantaxes políticas e económicas.

A contestación a esta crise está a ter gran relevancia, tanto no conxunto de Europa como no Estado español e en Galicia, para esixir que se cumpran os acordos internacionais no que se refire aos Dereitos Humanos en xeral e ao Dereito de asilo especificamente.

Esta crise demanda da nosa acción conxunta, sensible, solidaria e responsable. A política de asilo e migración debe ser unha política común no marco da UE, que debe contar co compromiso de todos os estados membros, a colaboración cos países de tránsito e orixe, e a coordinación con terceiros estados.

O Estado español tamén debe demostrar a súa disposición a contribuír na acción conxunta da UE, tanto no compromiso de reasentamento, como nos esforzos para definir uns procedementos acordos coa situación e o incremento de fondos destinados a este fin. Todo isto no marco do compromiso coa defensa da paz e os dereitos humanos e co cumprimento da legalidade como base para a efectividade de todos os dereitos.

Por todo isto, O Concello de Ordes:

1.- Manifesta a súa oposición ao acordo entre a Unión Europea e Turquía e a calquera outro que estableza expresa ou indirectamente a posibilidade de proceder a expulsións colectivas a territorio turco, ou a calquera estado non membro da UE.

2.- Solicita que os acordos sobre o control de fluxo de persoas refuxiadas cara á Grecia que se alcancen con Turquía conteñan garantía do cumprimento da legalidade internacional e de respecto aos Dereitos Humanos, incluídos os requisitos da lexislación europea de asilo. Esta lexislación esixe que exista a certeza de que se respecte o principio de non devolución, que as persoas poidan solicitar o estatuto de persoa refuxiada, e no caso de selo, recibir protección de acordo á Convención de Xenebra ou con garantías equivalentes mediante o dereito interno, o que inclúe tamén o acceso aos dereitos económicos e sociais garantidos pola Convención.

3.- Esixe que se reforcen os mecanismos de control sobre o efectivo destino da axuda económica a favor das persoas refuxiadas.

4.-Solicita ao Goberno central que se continúe coa posta en marcha, en colaboración co resto dos estados membros, de accións necesarias para a efectiva relocalización das persoas solicitantes de asilo ou refuxio, en atención aos compromisos adquiridos polo Estado español en 2015 no seo da UE.

5.-Solicita ás institucións públicas competentes que se estude unha revisión da cantidade de persoas refuxiadas para acoller pola UE en función da evolución da crise nos últimos meses.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

6.- Demanda que se promova o establecemento de vías adicionais seguras de chegada e reasentamento das persoas refuxiadas, tales como visados humanitarios, reagrupación familiar, bolsas, ...etc.

7.- Considera imprescindible que a UE axude aos países europeos de recepción e de tránsito, asegure vías seguras e legais, aumente operacións de rescate e salvamento no mar.

8.- Considera necesario que se promovan no seo da UE medidas de protección para individuos en risco, especialmente os/as menores sen familiares que se encarguen deles/as ou mulleres vítimas de violencia sexual ou de xénero.

9.- Demanda que no vindeiro Consello Europeo e no conxunto institucional da UE se comunitarice a política de asilo, converténdose así nunha política europea común, e que se desenvolva o Sistema Europeo de Asilo.

10.- Como expresión de rexeitamento do tratado e de solidariedade coas persoas desprazadas e solicitantes de asilo, así como de loito polas que faleceron na súa fuxida, en todos os espazos da Deputación a bandeira europea ondeará a media hasta.

11.- Esta declaración trasladarase ao presidente en funcións do Goberno español e ao presidente da Xunta de Galicia.

#### **PUNTO PRIMEIRO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 23/02/16.**

Polo Sr. Alcalde procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta da sesión ordinaria de data 23/02/2016, cuxa minuta foi distribuída coa convocatoria, todo isto ó abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que na acta da sesión ordinaria de data 23/02/2016, aprecia os erros seguintes: folia nº 4, onde di Sra. García Fuentes e folia nº 19, onde di Sra. García Gómez, en ambos casos debería dicir Sra. Gómez Fuentes.

A acta da sesión ordinaria, de data 23 de febreiro de 2.016, resultou aprobada, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor, coa abstención da Sra. Marín Pereiro, sendo dezasete o número legal de membros desta Corporación, coas observacións sinaladas pola Sra. Gómez Fuentes.

#### **PUNTO SEGUNDO: INFORMES DA ALCALDÍA.**

Intervén o Sr. Alcalde que da conta das actuacións seguintes:

- Liquidación dos orzamentos municipais exercicio 2015, aprobada mediante Decreto de data 11/03/2016. Resultado orzamentario (positivo): 288.381,79 euros. Remanente de tesourería para gastos xerais (positivo): 960.556,40 euros, non se inclúe a conta 413 pendente da consignación pola Intervención. Aforro neto legal (positivo): 782.851,02



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

euros, que supón un 10,28% sobre os dereitos liquidados por operacións correntes. Cúmrese o obxectivo de estabilidade orzamentaria ao presentar un superávit de 336.351,37 euros, o 3,83% dos ingresos non financeiros. Cumprimento da regra de gasto, a diferenza entre o límite da regra de gasto e o gasto computable é de 61.926,45 euros. Cumprimento do límite de débeda: 60.87 % sobre o recursos correntes, inferior ao 110% sinalado pola lei reguladora das facendas locais. Cumprimento do período medio de pagamento: período medio de pago da débeda comercial a 31 de decembro de 2015, en dez con corenta e dous días.

- Reunión o 31 de marzo de 2016, coa empresa EIBISA, encargada de facer a regularización para este exercicio en Ordes logo de aprobación da ponencia de valores no ano 2013, para todas aquelas construcións que non foron dadas de alta nos dous meses que marca a lei a partir da entrada en vigor da nova ponencia de valores.
- O día 01/04/2016 asinouse co Arcebispado de Santiago de Compostela o convenio de cesión gratuíta da Rectoral de Poulo, 5.500 m<sup>2</sup> de superficie, por trinta anos, para o seu destino a albergue de peregrinos. Nun período máximo de catro anos espera que estea este espazo a disposición como albergue de peregrinos que percorren o Camiño Inglés do Camiño de Santiago.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados

### **PUNTO TERCEIRO: CONSTITUCIÓN, SE PROCEDE, CONSORCIO LOCAL PARA A XESTIÓN, PROMOCIÓN E MANTEMENTO DA VÍA VERDE A COMPOSTELA.**

Expediente de constitución do Consorcio local para a xestión, promoción e mantemento da vía verde a Compostela.

Visto o disposto nos arts. 149 a 152 da Lei 5/1997, de 22 de xullo.

Visto o ditame favorable da Comisión de Asuntos Xerais do Pleno.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría absoluta de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobado a creación do Consorcio local para a xestión, promoción e mantemento da vía verde a Compostela.

2.- Nomear como representante do Concello de Ordes na Comisión Xestora encargada de elaborar a proposta de estatutos á concelleira D<sup>a</sup>. Ana María Soneira Liñares.

### **PUNTO CUARTO: APROBACIÓN INICIAL, SE PROCEDE, REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO DA CANCEIRA MUNICIPAL DE ORDES.**

Expediente de aprobación do Regulamento de funcionamento da canceira municipal de Ordes.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

Visto o disposto nos arts. 22.2.d, 47.2.f e 49 da Lei 7/1985, de 2 de abril (LBRL).

Visto o ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Plenos.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1º.- Aprobar provisionalmente o Regulamento municipal de funcionamento da canceira municipal de Ordes, cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

2º.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar o expediente na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello.

3º.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas contra o texto do regulamento.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

#### **PUNTO QUINTO: APROBACIÓN PROVISIONAL, SE PROCEDE, ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE LACERÍA, RECOLLIDA, ALOXAMENTO E CONTROL DE ANIMAIS DOMÉSTICOS ABANDONADOS NO CONCELLO DE ORDES.**

Expediente de aprobación da imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control de animais domésticos abandonados no concello de Ordes.

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facenda.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo co regulamento, foi consensuado nas comisións informativas, recolléronse as inquiredanzas de cada grupo. Pero si que ven excesivos os importes da taxa en relación coa entrega por animal na se recolle unha taxa de cento vinte euros e na entrega de camadas se recolle unha taxa de sesenta euros por animal. Presenta unha emenda para que estes importes, que son privativos, o que van a producir é que non se cumpran os obxectivos principais da canceira, xa que moitas persoas non estarán dispostas ou non poderán facer ese pago e os animais serán abandonados a súa sorte na rúa ou terán un destino fatal. Propoñen que na entrega de animal por



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

particular se fixe unha taxa de setenta e cinco euros, e na entrega de camadas por animal unha taxa de corenta euros. Aínda así lles parece de abondo, hai que tratar de evitar a saturación da canceira. De principio propoñen estas cantidades, se se chegase a producir unha saturación da canceira habería que modificar a ordenanza fiscal.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta é unha cuestión xa debatida, hai un acordo da maioría dos grupos para que se aprobasen as cantidades fixadas, non procede que se suscite esta emenda, non acepta a mesma.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que consideran que estas cantidades debería ser maiores. Do que se trata é de evitar que se abandonen animais e non a tenza responsable de animais e non comprar un can como se fora un xoguete e devolvelo cando nos molesta. Se todos os animais tiveran instalado un microchip e estiveran inscritos teríamos un mecanismo para sancionar ao seu posuidor. Cree que vamos a ter que tratar en breve unha modificación do regulamento da canceira xa que existe un anteproxecto de lei de protección e benestar dos animais que derroga a lei na que se fundamenta este regulamento. Consideran que é un bo punto de partida este regulamento.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

1.- Aprobar inicialmente a imposición e ordenación da taxa pola prestación do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control de animais domésticos abandonados no concello de Ordes, cuxo texto figura como anexo á providencia que inicia o expediente e informado pola comisión informativa.

2.- Abrir un trámite de información pública durante un prazo de trinta días, dentro dos cales os interesados poderán examinar os expedientes na Secretaría municipal e presentar as reclamacións que estimen oportunas, publicándose o anuncio de exposición no BOP, no Taboleiro de Anuncios do Concello e nun dos diarios de maior circulación da provincia.

3.- Rematado o período de información pública, adoptarse o acordo definitivo que proceda, resolvendo, no seu caso as reclamacións presentadas e aprobando a redacción definitiva da Ordenanza.

No caso de que non se presenten reclamacións, entenderase definitivamente adoptado o acordo, ata entón provisional, sen necesidade de novo acordo plenario.

### **PUNTO SEXTO: APROBACIÓN, SE PROCEDE, BONIFICIACIÓNS COTA ICIO OBRAS DE CONSTRUCCIÓN/AMPLIACIÓN EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS**

Expedientes de bonificacións cota ICIO, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotacións agrogandeiras.

Visto o disposto no art. 5.1 (bonificacións) da Ordenanza fiscal nº 4, reguladora do Imposto sobre construcións, instalacións e obras (BOP nº 230, de data 13/12/13).



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

Visto o ditame favorable da Comisión Permanente de Facenda.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Aprobar unha bonificación do **75% da cota do ICIO**, licenzas urbanísticas de obras de construción/ampliación de explotación agrogandeiras:

- MARÍA JESÚS LIÑARES GARCÍA, con DNI nº 76354134E, solicitude de data 22/12/15, rexistro de entrada nº 6181, de obras ampliación de explotación agropecuaria existente de vacún de leite: construción de alpendre de maquinaria e palleira, Lg. Casal, 7, Ordes.
- SANDRA DEL RÍO VÁZQUEZ, con DNI nº 79322931W, solicitude de data 15/03/2016, rexistro de entrada nº 1252, de obras de acondicionamento de instalación de ventilación e refrixeración de nave de polos de engorde, Lg. Aldea de Abaixo, Pereira, Ordes.
- VILAR, S.C., con CIF nº J70376751, solicitude de data 18/03/2016, rexistro de entrada nº 1326, de obras de construción de establo para vacún de carne, Lg. Vilar, Mercurín, Ordes.
- JOSÉ MARÍA BOGA DÍAZ, con DNI nº 76338720H, solicitude de data 23/03/2016, rexistro de entrada nº 1396, de obras de ampliación de explotación de vacún de leite, Lg. Baltares, Barbeiros, Ordes.

#### **PUNTO SÉTIMO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.**

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 23 de febreiro de 2.016, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

#### **PUNTO OITAVO: MOCIÓNS.**

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

Polos grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“Dende a Agrupación Socialista de Ordes instamos no pasado pleno do mes de novembro o concello de Ordes a solicitar a Deputación Provincial unha achega económica mediante a firma do correspondente convenio para a creación dun espazo multideporte, equipando o mesmo para que nel se poda practicar baloncesto, tenis e balonmán, entre outros deportes.

Para os socialistas, o fomento do deporte é fundamental porque tal e como desprenden os resultados de sólidos estudos, realizar de forma regular e sistemática unha actividade física é unha práctica beneficiosa para a prevención, desenrolo e rehabilitación da saúde.

En Ordes podemos estar e estamos tremendamente orgullosos da excelente valía dos deportistas deste Concello entre os que podemos destacar, entre moitos outros, a Iván Raña (ex campión do mundo de Triatlón), os éxitos acadados por Ánxeles Rodríguez e David Santos, triunfos do AC Ordes, os éxitos do club ordense Boudsport, que acadou catro novas medallas nas probas do Campionato Galego Cadete de Taekwondo.

Por todo isto, é preciso que o Concello de Ordes confirme o apoio económico ó deporte e deportistas deste Concello, pois os seus logros levan o nome de Ordes o máis alto dos pódiums. Dende o partido socialista anunciamos que para os próximos presupostos do Concello vamos a pedir partidas específicas para o apoio os deportistas do noso pobo.

Ademáis dende a Deputación provincial chegarán arredor de 5.000 € para programacións deportivas que deberán de ser destinadas a mellorar o rendemento e a favorecer a representación dos nosos deportistas.

Dende o PSOE ordense non queremos que se caia no erro de que o Concello careza dunha auténtica política de fomento e apoio ó deporte e só cando algún deportista ou algún equipo logra acadar algún éxito grazas ó seu esforzo particular, se aproveite esa ocasión para saír na foto ou empregar os seus éxitos deportivos con fins propagandísticos.

Polo que, en condición de voceira municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución instando ó Concello a:

Instar ó Concello de Ordes a que desenrole unha auténtica política de fomento do deporte no noso Concello, mediante o compromiso firme de destinar unha partida específica nos presupostos municipais, como nós así solicitamos, para axuda a estes deportistas e equipos, que están levando o nome de Ordes ó máis alto”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que isto é algo no que deberíamos estar todos de acordo. Será algo que discutiremos cando se debatan en pleno os orzamentos municipais. Non asistirán a reunións individuais sobre os orzamentos como quixo o goberno para a inclusión de obras no POS e no PAS, unicamente acudirá a reunións nas que estean todos os grupos da corporación. Cando se presenten os orzamentos xa se verá.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coa moción. Cando sexan os orzamentos haberá que falar máis pormenorizado no que atinxe ao deporte. Sempre houbo unhas partidas nominais para os clubs, apoio individual á xente que destaca no ámbito deportivo. Fíxose un bo traballo nas anteriores lexislaturas, estase a desenvolver un bo traballo polo concelleiro de deportes. Seguir nesa liña. Cada vez hai máis veciños que están a destacar no ámbito do deporte.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non ten coñecemento ao respecto de que vai haber unha achega provincial de 5.000 euros, cantidade que é moi inferior á que achegou o ano pasado a Deputación Provincial ao concello de Ordes. Que revisen os seus compañeiros a cantidade dos anos anteriores e que teñan a ben concedernos polo menos a mesma cantidade. Despois fai unha mención como se no se estivese dando apoio nos aproximadamente nove meses de goberno. As subvencións nominativas que estaban nos orzamentos de 2015 que vostedes aprobaron mantivéronse todas elas, Sociedade Deportiva Ordes e Hockei dezaioito mil euros. As escolas deportivas viron incrementadas en tres mil euros a financiación, tanto no fútbol como hockei. En fútbol sala incrementouse a cantidade nun vinte e cinco por cento, pasouse de tres mil a catro mil euros, e conseguiu este ano desenvolver unha liga de fútbol sala con máis equipos dos que houbo con anterioridade. Moitas das acusacións veladas que se fan de que non se esta a facer unha auténtica política deportiva neste concello ten que dicirlle que non son certas, pídlle que se informe, veña polo concello e fale co concelleiro de deportes e ver as partidas que dende a intervención se nos permite destinar aos clubs e ao apoio à práctica deportiva van a seguir contando co noso apoio. É un orgullo para Ordes os logros que se están a conseguir en atletismo, hockei, en determinadas categorías de fútbol. Moitos dos equipos de fútbol de arredor, aos que no fai mención, tamén os teñen en conta, e foron os grandes esquecidos. O concelleiro de deportes esta a ter unha relación continuada con todos eles para tratar de apoiar e defender da mellor maneira posible a súa actividade. Unha das súas pretensións e así figurará nos orzamentos, establecer unha serie de becas específicas para estes deportistas de maneira individual. Esta previsión xa vai a estar contemplada nos orzamentos, que si o interventor os da rematado os someteremos a debate no mes de abril. Pedíralle xa que esta a esperar o que esta a suceder cos orzamentos municipais que deixe esta moción sobre a mesa, o seu voto vai a ser desfavorable. Mentres nos traballen cus orzamentos, pode opinar sobre eles, pero non pode cuestionar o traballo que se ven a desenvolver dende a área de deporte deste concello.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que pregunta onde o esta a cuestionar.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que é coa expresión: desenrole unha auténtica política de fomento do deporte. Fai unha acusación velada claramente.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que esta a afirmar que lle gustaría que nos próximos orzamentos municipais van a solicitar unha partida para o fomento do deporte.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si ten a ben retire a moción, esperamos aos orzamentos e despois fai a valoración ao respecto. Se non a retira o seu voto vai a ser desfavorable. Se so pide que nos orzamentos municipais existan axudas para os equipos e deportistas individuais o podemos deixar aí. Pero que desenrole unha auténtica política de fomento do deporte non llo vai a consentir que vaia no acordo. Tome a decisión que queira.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que non esta a facer ningunha acusación. O que saben todos é que os compromisos políticos plásmanse nos orzamentos. Para facer unha auténtica política do deporte haberá que plasmar nos orzamentos a correspondente partida como están solicitando. Non están facendo ningunha acusación. Os cinco mil euros que van a chegar da Deputación vai a ser así, falou a semana pasada cos seus deputados provinciais e así llo confirmaron. O programa de subvencións que está a desenvolver a actual Deputación Provincial, gobernada conxuntamente entre o PSdeG-PSOE e o BNG non ten nada que envexar ao programa de subvencións da anterior Deputación. Non menciona na moción a todos os deportistas individuais, xa sinala entre moitos outros. Non van a retirar a moción por que non están a acusar a ninguén de nada, simplemente esperan que nos orzamentos municipais se plasme esa partida para os deportistas. Quere que se vote tal e como esta, a considera importante para os próximos orzamentos municipais.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que a liga local de fútbol sala cree que máis equipos que anteriores edicións non ten. A primeira e segunda edición tiña bastantes máis equipos que agora. Non quere dicir que sexa un fracaso de xestión. Agora é organizada polo Jogafán, están arrancando coa organización. Descoñece a cantidade que a Deputación vai a conceder para o fomento do deporte. Pode falar de feitos, coa actual Deputación van a vir case dez mil euros para a escola de música, o ano pasado puxo cantidade idonea, fai dous ou tres anos foron tres mil. Votarán a favor da moción. No seu momento examínanse os orzamentos.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que recorda que como consecuencia da crise económica houbera un recorte nas subvencións da Deputación para a escola de música, conciliación. Esta non é unha moción que faga unha acusación velada. A súa intención é que haxa unhas subvencións nominais. No seu día o BNG trouxera un regulamento de subvención, parecido ao de Carballo, no que se incluía unhas subvencións nominais cotexadas polo órgano oficial correspondente. Parécelles unha moción acertada.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que si a cantidade que vai a vir son cinco mil euros, é moi inferior á do ano pasado. Resúltalle curioso que teña as cantidades con antelación aos demais. Segue a pedirlle se quere que se sumen á moción que retire a parte na que pide desenvolver unha auténtica política de fomento do deporte, e eles se comprometen a que nos orzamentos municipais vaian partidas específicas para todo o que está a pedir que comparten. Non lle parece adecuada esa parte cando non teñen aínda o que serán os seus primeiros orzamentos. Pode manter o acordo como esta, cuestionando o que foi a súa actividade en materia de deporte nestes nove meses, así o entende. E fan o que realmente pide, que unha partida específica nos orzamentos municipais. Pode presentar por escrito unha partida específica



## CONCELLO DE ORDES

---

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

para que o interventor a teña da súa man. Están de acordo co fondo do asunto, que é apoiar aos deportista, equipos e asociacións que desenvolver a súa labor en Ordes.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que van a manter a moción tal e como a presentan. Non están a acusar ninguén.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), cos votos en contra (7 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar ó Concello de Ordes a que desenrole unha auténtica política de fomento do deporte no noso Concello, mediante o compromiso firme de destinar unha partida específica nos presupostos municipais, como nós así solicitamos, para axuda a estes deportistas e equipos, que están levando o nome de Ordes ó máis alto.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“O Partido Socialista foi tremendamente crítico durante o proceso de elaboración e posta en marcha da LOMCE, tanto no conxunto de España como aquí en Galicia.

Entendiamos, e seguimos entendendo, os integrantes do Grupo Socialista que este país perdeu unha nova oportunidade de dotar, dunha vez por todas, de estabilidade o noso sistema educativo, cuestión que, por certo, leva demandando con grande insistencia o coxunto da comunidade educativa deste país dende hai moitos anos, e co iluso desexo de evitar que a Lei educativa sexa cambiada de maneira automática cada vez que se produza un cambio de goberno, situación que todo apunta producirase, por certo, moi prontamente.

O Grupo Socialista considerou sempre que, a pesares do que se ten afirmado con pouco rigor nos últimos anos o noso sistema educativo ten mellorado de maneira importante na súa equidade e calidade. Ademais fomos capaces de alcanzar un servizo público educativo que chegaba a toda a poboación en condicións de igualdade, e que tan malo non debiera ser cando os nosos titulados e tituladas son tan ben valorados ó saír fora do noso país.

Durante este tempo foron varios os asuntos que teñen provocado na comunidade educativa unha enorme controversia: calendario precipitado de implantación da propia lei e dos novos currículos, cambiante política de libros de texto ou o inicio das "reválidas", por poñer tan so algúns exemplos significativos. No noso concello, estes asuntos arriba mencionados estámolos a sufrir coa perda de profesorado, a masificación das aulas, a eliminación da lei de gratuidade dos libros de textos, etc.

Polo que, en condición de Voceira Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución instando ó Concello a:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a que paralice de inmediato o calendario de aplicación da LOMCE así como a que suprima as Avaliacións (Reválidas) de 3º e 6º de Educación Primaria”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que dende o BNG sempre mantiveron unha postura contraria a aprobación desta lei. Unha vez aprobada a súa postura foi a derogación. O seu deputado autonómico Cosme Pombo así o fixo no Parlamento galego. Consideran a Lomce nociva para o ensino galego por introducir cambios legislativos que deterioran gravemente a calidade do ensino público. Por todo isto están de acordo coa moción. Que se paralice esta lei e denuncian a necesidade de traballar pola gratuidade dos libros de texto, pola xestión pública e directa dos comedores escolares, pola eliminación de axudas a colexios que segregan por sexos, recuperación do cadro de persoal que se destruíu nos últimos anos e por suposto a eliminacións das reválidas de terceiro e sexto.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que xa manifestaron máis dunha vez que están en total desacordo coa Lomce, por ser unha lei antidemocrática, que elimina a igualdade de oportunidades a todos os niveis. É unha lei que degrada o público ata límites máis insospeitados, que vai a seguir favorecendo aos centros concertados, a aqueles centros que separan por sexos. É unha lei clasista. No Parlamento están a debater sobre a súa derogación. Non se pode derogar por que a lei anterior esta totalmente derogada e non hai unha lei alternativa. Se non se cumpren as reválidas, que será o que dirá o goberno, estarán en contra da lei. O que poden facer os pais é non levar aos seus fillos o día que se fagan as reválidas, algo que no curso pasado aquí en Galicia foi secundado por máis dun cincuenta por cento da poboación. O ano pasado foi en terceiro, este ano será en sexto, despois na ESO e en Bacharelato. Estanse a por cada vez máis trabas ao ensino público. É unha pena que estes debates non se fagan antes de que se aprobe a lei, agora xa é bastante difícil.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que efectivamente esta lei se está a discutir no Parlamento, que é onde se ten que discutir. Parécelle que é ridículo vir a discutir algo aquí que están a discutir os nosos representantes que son os que teñen lexitimidade para facer algo. A Lomce publicouse en decembro de 2013, o calendario de aplicación desta lei esta dentro da propia lei, estase demostrando que se pode cumprir. Fálase de que cada cambio de goberno se muda a lei, pero cando entrou no goberno o Sr. Zapatero cambiou a lei que estaba aprobada. Parece que as leis de educación que aproba o goberno do PP son as malas e as que aproba o goberno do PSOE son as boas. O que se debería facer é buscar un consenso real para facer unha lei de educación na que non se estivese prexudicando aos alumnos. Con respecto ás probas de avaliación previstas na Lomce non teñen carácter de reválida. Resultalle contraditorio que o PSOE que en Andalucía fai esas probas con carácter autonómico critique unha lei orgánica na que se fixa unha avaliación que non ten repercusións



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

académicas para coñecer as necesidades de mellora e reforzo educativo dos rapaces e dos propios centros. O calendario de implantación da Lomce foi flexibilizado dando o Ministerio máis autonomía ás comunidades autónomas na aplicación da proba de sexto de primaria. Non é certo que haxa masificación de aulas, cada vez as ratios son máis pequenos. Tampouco é certo que se elimine totalmente a gratuidade de libros. A Sra. Marín Pereiro ten fixación cos centros concertados, non os pariu o PP, foron impulsados en 1985 polo goberno socialista do Sr. González. Dous millóns de persoas están en centros concertados. A educación non a impón o Estado, o Estado proporciona, e as familias deciden os proxectos educativos e o tipo de educación. Iso corresponde á liberdade persoal de cada pai. Existindo liberdade, significa poder elixir, deben existir distintos proxectos onde poder elixir. A diversidade é un servizo, ao igual que os partidos políticos, sindicatos, asociacións. Os centros concertados son iniciativas privadas que ofrecen un servizo esencial en democracia. A diversidade permite poder elixir. Ninguén lle obriga a un pai a levar os rapaces a un centro público ou privado. Hai que facilitar a diversidade. Cada pai elixe. Van a votar en contra desta moción por que non é este o foro axeitado para debatela.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que esta de acordo cos puntos mencionados polas voceiras do BNG e UxO. Este é un foro como calquera outro para debater esta moción, piden instar á Consellería de Educación a que paralice o calendario de aplicación da lei. Xa que se remonta ao pasado. Un pacto pola educación tamén o consideran necesario. O Ministro de Educación Sr. Gabilondo xa o propuxo en maio de 2010, sen embargo o PP rexeitouno indicando que non cumpría as súas expectativas, nin supoñía un verdadeiro cambio educativo, sen suscitar un cambio no mesmo ou propor un novo. Para un pacto pola educación ten que haber un consenso maioritario das forzas políticas deste país. Dicar que as reválidas non son probas, o PSOE consideran que son barreiras, van a fomentar o abandono escolar. Estas cribas non van a aportar ningún reforzo positivo aos estudantes, senón todo o contrario. En Ordes en gastos de funcionamento dende o ano 2009 a 2016 reducíronse sete mil euros, en docentes reducíronse un total de dezaioito docentes, o que supón cincocentos corenta mil euros.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que tamén hai que mirar a redución en alumnos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que pregunta se entón non houbo un recorte en educación.

Intervén a Sra. García Gómez, que responde que non, igual que lle di que a palabra reválida non a vai a encontrar na lei, é algo que se inventaron vostedes. Hai unhas probas que non son de nivel académico

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que o nome é indiferente. Ao final van a supor unha criba e calificación constante dos alumnos, que vai a producir unha desmotivación continua. Os recortes en educación é algo que todo o mundo o ve como evidente. Todos estamos a ver o que acontece, non necesita traer máis datos ou números. Esta lei ten unha serie de inconvincentes claros que afirma a comunidade educativa.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se esta proba non ten ningún valor, por que facerlle pasar aos nenos por ese trance.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que non esperaba menos de alguén do PP. Os centros concertado naceron fai moitos anos nos que había máis rapaces, matrícula, había que buscar unha solución intermedia entre o público e o privado. Hoxe en día en que os recortes no ensino público son tan brutais, aínda que os país teñamos a liberdade de escoller o centro educativo, non ten sentido que esteamos pagando cos nosos impostos uns centros nos que os país tamén aportan unha parte. Os centros concertados se benefician de axudas públicas hoxe en día cando hai tantos recortes non é posible. Este é o foro apropiado para debater. Ridículo é debater agora por que non hai unha lei alternativa. A reválida ou proba selectiva é facer pasar aos rapaces por un trance que o que vai a provocar é que os mestres dediquen todo o curso a preparar as probas, que é o que se está facendo. Aqueles centros que obteñan uns maiores resultados supón que tamén obterán uns maiores beneficios. Iso é algo moi grave para o ensino público. Fíxese se a implantación da Lomce foi flexible que empezaron o curso e non tiñan o currículo de secundaria e primaria, non sabían o que tiñan que ensinar, chegou en setembro cando xa tiñan que facer as programacións. Andalucía é un exemplo, por que é a única comunidade autónoma onde os rapaces comen gratuitamente nos comedores escolares. Xa lle gustaría a Galicia gobernada polo PP. Iso si que é conciliación. O que vai a facer esta lei é seleccionar ao alumnado, vamos á elite, os listos e menos listos. Esta lei non ten sentido, non ten razón de ser. So agarda que canto antes se poda botar abaixo. Si que é certo que ten que haber un consenso, o benestar dunha poboación, a igualdade de oportunidades empeza pola educación.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que esta é unha lei orgánica, non se pode paralizar, non hai unha alternativa. Non se esta diversificando a actitude e aptitude dos rapaces, senón as necesidades de cada centro, cando hai que reforzar. Non sabe se viu as probas. Chega un resultado se hai un nivel medio ou alto en matemáticas, linguaxe, non conta para cada neno, pero específica para cada centro se teñen que facer un apoio maior en determinadas materias. Pactar co PSOE é moi difícil, normal que non haxa moitas veces un pacto de Estado, moitas veces implica simplemente facerlles a vostedes caso. Se se quere chegar a acordos, ambas partes teñen que ceder.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de nove votos a favor (5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), cos votos en contra (7 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Instar á Consellería de Educación da Xunta de Galicia a que paralice de inmediato o calendario de aplicación da LOMCE así como a que suprima as Avaliacións (Reválidas) de 3º e 6º de Educación Primaria.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que presenta a moción que se transcribe a continuación.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 15

“A revisión catastral levada a cabo na anterior lexislatura, conleva unha subida ano a ano do recibo do IBI ata que no 2022 remate a redución sobre a base liquidable, que en moitos casos está a afogar a economía dos veciños e veciñas de Ordes.

Compre reducir o tipo impositivo da ordenanza fiscal N°1, reguladora do Imposto sobre Bens Inmóbeis, para ir compensando a suba desproporcionada deste tributo, máis nun momento como o actual, onde moitas familias están pasando graves apuros económicos.

Logo de modificar a ordenanza fiscal n° 1, reguladora do Imposto sobre bens inmóbeis o ano pasado, grazas a unha iniciativa do BNG que suporá un aforro de 146.915,19 € do IBI á veciñanza de Ordes este ano 2016, consideramos oportuno soste no tempo esta conxelación do tributo.

A continuación pasamos a facer unha análise da recadación do IBI na lexislatura, ollando a recadación mantendo o tipo impositivo no 0,60%, logo mantendo o mesmo no 0,56 % e por último coa modificación proposta.



# CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

**TÁBOA 1 - ORDENANZA CO TIPO IMPOSITIVO NO 0,60%**

| ANO                         | 2015           | 2016           | 2017           | 2018           | 2019           |
|-----------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| BASE LIQUIDABLE URBANO (€)  | 312.315.987,43 | 324.483.282,26 | 336.650.577,09 | 348.817.871,91 | 360.985.166,74 |
| TIPO IMPOSITIVO URBANO      | 0,60 %         | 0,60 %         | 0,60 %         | 0,60 %         | 0,60 %         |
| RECADACIÓN URBANO (€)       | 1.873.895,92   | 1.946.899,69   | 2.019.903,46   | 2.092.907,23   | 2.165.911,00   |
| BASE LIQUIDABLE RÚSTICO (€) | 41.480.126,67  | 42.782.601,79  | 44.125.975,93  | 45.513.098,67  | 46.942.209,80  |
| TIPO IMPOSITIVO RÚSTICO     | 0,60 %         | 0,60 %         | 0,60 %         | 0,60 %         | 0,60 %         |
| RECADACIÓN RÚSTICO (€)      | 248.880,76     | 256.695,61     | 264.755,86     | 273.078,59     | 281.653,26     |
| RECADACIÓN ESPECIAIS (€)    | 32.128, 73     | 32.128, 73     | 32.128, 73     | 32.128, 73     | 32.128, 73     |
| TOTAL RECADACIÓN IBI        | 2.154.905,41   | 2.235.724,03   | 2.316.788,05   | 2.398.114,55   | 2.479.692,99   |

**TÁBOA 2 - ORDENANZA CO TIPO IMPOSITIVO ACTUAL**

| ANO                         | 2015           | 2016           | 2017           | 2018           | 2019           |
|-----------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| BASE LIQUIDABLE URBANO (€)  | 312.315.987,43 | 324.483.282,26 | 336.650.577,09 | 348.817.871,91 | 360.985.166,74 |
| TIPO IMPOSITIVO URBANO      | 0,60 %         | 0,56 %         | 0,56 %         | 0,56 %         | 0,56 %         |
| RECADACIÓN URBANO (€)       | 1.873.895,92   | 1.817.106,38   | 1.885.243,23   | 1.953.380,08   | 2.021.516,93   |
| BASE LIQUIDABLE RÚSTICO (€) | 41.480.126,67  | 42.782.601,79  | 44.125.975,93  | 45.513.098,67  | 46.942.209,80  |
| TIPO IMPOSITIVO RÚSTICO     | 0,60 %         | 0,56 %         | 0,56 %         | 0,56 %         | 0,56 %         |
| RECADACIÓN RÚSTICO (€)      | 248.880,76     | 239.582,57     | 247.105,47     | 254.873,35     | 262.876,37     |
| RECADACIÓN ESPECIAIS (€)    | 32.128, 73     | 32.128, 73     | 32.128, 73     | 32.128, 73     | 32.128, 73     |
| TOTAL RECADACIÓN IBI (€)    | 2.154.905,41   | 2.088.817,68   | 2.164.477,43   | 2.240.382,16   | 2.316.522,03   |
| DIFERENCIAL TÁBOA 1         | =              | -146.906,35 €  | -152.310,62 €  | -157.732,39 €  | -163.170,96 €  |





## CONCELLO DE ORDES (A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

Coa redución do tipo impositivo aprobada o ano pasado, o conxunto da veciñanza aforrará 620.120,32 € durante a lexislatura.

### TÁBOA 3 - ORDENANZA COA MODIFICACIÓN PROPOSTA

| ANO                         | 2015           | 2016           | 2017           | 2018           | 2019           |
|-----------------------------|----------------|----------------|----------------|----------------|----------------|
| BASE LIQUIDABLE URBANO (€)  | 312.315.987,43 | 324.483.282,26 | 336.650.577,09 | 348.817.871,91 | 360.985.166,74 |
| TIPO IMPOSITIVO URBANO      | 0,60 %         | 0,56 %         | 0,54 %         | 0,521 %        | 0,504 %        |
| RECADACIÓN URBANO (€)       | 1.873.895,92   | 1.817.106,38   | 1.817.913,12   | 1.817.341,11   | 1.819.365,24   |
| BASE LIQUIDABLE RÚSTICO (€) | 41.480.126,67  | 42.782.601,79  | 44.125.975,93  | 45.513.098,67  | 46.942.209,80  |
| TIPO IMPOSITIVO RÚSTICO     | 0,60 %         | 0,56 %         | 0,54 %         | 0,527 %        | 0,51 %         |
| RECADACIÓN RÚSTICO (€)      | 248.880,76     | 239.582,57     | 238.280,27     | 239.854,03     | 239.405,27     |
| RECADACIÓN ESPECIAIS (€)    | 32.128, 73     | 32.128, 73     | 32.128, 73     | 32.128, 73     | 32.128, 73     |
| TOTAL RECADACIÓN IBI        | 2.154.905,41   | 2.088.817,68   | 2.088.322,12   | 2.089.323,87   | 2.090.899,24   |
| DIFERENCIAL TÁBOA 1         | =              | -146.906,35 €  | -228.465,93 €  | -308.790,68 €  | -388.793,75 €  |
| DIFERENCIAL TÁBOA 2         | =              | =              | -76.155,31 €   | -151.058,29 €  | -225.622,79 €  |

Deste xeito, tal e como se pode apreciar na táboa 3, a medida aprobada o ano pasado xunto coa aprobación da proposta recollida nesta moción, conseguirá que o conxunto da veciñanza de Ordes aforre 1.072.956,71 € do pagamento deste tributo na totalidade da lexislatura.

A proposta recollida nesta moción limítase ata o ano 2019, xa que consideramos que debe ser a nova corporación entrante que determine os tipos impositivos do IBI na lexislatura 2019 – 2023.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

O pleno do Concello da Ordes esixe ao alcalde a levar a cabo, de xeito inmediato, a tramitación da Modificación do Artigo 11.- Tipo Impositivo, da Ordenanza Fiscal Nº 1, Reguladora do Imposto sobre Bens Inmóveis, pasando a quedar redactada do seguinte xeito: “De conformidade e en aplicación do previsto no artigo 74 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, os tipos de gravame serán os seguintes:



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

No ano 2016:

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,56 %.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,56 %.
- c) O tipo aplicable aos bens de características espaciais fíxase no 1,30 %.

No ano 2017:

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,54 %.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,54 %.
- c) O tipo aplicable aos bens de características espaciais fíxase no 1,30 %.

No ano 2018:

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,521 %.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,527 %.
- c) O tipo aplicable aos bens de características espaciais fíxase no 1,30 %.

No ano 2019 e seguintes:

- a) O tipo aplicable aos bens de natureza urbana fíxase no 0,504 %.
- b) O tipo aplicable aos bens de natureza rústica fíxase no 0,51 %.
- c) O tipo aplicable aos bens de características espaciais fíxase no 1,30 %."

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de nove votos a favor (5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), cos votos en contra (7 grupo político PP), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que votaron en contra da urxencia da moción por que entende que é unha competencia do Alcalde a proposta ao pleno da fixación do tipo de gravame do IBI.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que é competencia do pleno discutir estas iniciativas. O que propoñen é que sexa o alcalde que instrúa o expediente de modificación da ordenanza.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que unha baixada de impostos sempre é importante, sobre todo no momento de crise que estamos a atravesar. Para o PSOE os impostos deben ser solidarios, progresivos e expansivos da renda. Neste punto o seu voto vai a ser favorable por que vai a ser positivo para a cidadanía. Nun futuro gustaríalles orientarse a unha imposición máis progresiva, na que paguen máis os que máis teñen. E aquí ter en consideración o valor catastral da vivenda. Que ata un determinado importe se manteña o tipo como recolle a moción e a partir dun valor catastral de máis de cen mil euros se aplique durante os catro anos o tipo fixado no ano 2016. O seu voto será favorable, sempre que non repercute nunha forte baixada dos ingresos como queda reflectido na moción.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que sempre estiveron en contra de que os temas de tributos se tratasen directamente nun pleno, sería oportuno que se tratase na comisión pertinente cun informe do interventor para ver a repercusión que podería ter unha baixada ou non. Ao mellor habería que reducir un pouco o tipo en rústico por que non temos os mesmos servizos que en urbano ou mantelos, dependendo dos informes técnicos e poder tratalo na comisión pertinente coas achegas de todos os grupos.

Intervén o sr. Alcalde, que sinala que a proposta que traen lle parece totalmente inxusta. O primeiro que se pide na moción é que sexa de forma inmediata. Sempre se trataron as ordenanzas fiscais de maneira conxunta ao remate do ano, cos informes de intervención. Isto xa non o comparten baixo ningún concepto. Despois trae fixar aquí tipos de gravame no 2016, que xa esta vixente, o PP trouxo unha proposta 0,58 %, que si supoñía a conxelación da recadación do IBI. El quería que fose o 0,57 % pero o interventor pediu que traballásemos coa conxelación ata que tivésemos rodados e elaborados uns primeiros orzamentos. O BNG veu cunha emenda do 0,56 %. Para que a proposta de aprobación da modificación das ordenanzas fiscais saíse adiante, tivo a ben admitir esa emenda, facendo a salvidade de que esa conxelación ía a supor menos oitenta mil euros e a maiores menos setenta e seis mil euros de perda de ingresos que van a condicionar as inversións directas dos orzamentos. Agora nos estamos encontrando con problemas na redacción dos orzamentos, moitas partidas xa están predeterminadas, xa o viron en anos anteriores, aínda que despois poidan aparecer remanentes, coas que non poden xogar. O problema co que nos podemos encontrar é que non podemos cofinanciar subvencións. O que estamos é a prexudicar aos veciños de Ordes se non temos previsión de ingresos nos orzamentos municipais. Eses setenta e seis mil euros podemos multiplicalos por cinco por que en moitos casos as subvencións son dun oitenta por cento, e estes setenta e seis mil euros se poden converter facilmente en máis de catrocentos mil euros de inversión. Este é un dos primeiros argumentos par oporse a esta moción. Despois trae a fixación do tipo de gravame para o 2017, que si que pode ser cuestión de debate. Non considera oportuno que se trate de fixar de antemán o tipo para os anos 2018 e 2019, cando aínda non saben o que vai a suceder nas execucións orzamentarias deste exercicio e sucesivos. Tamén se oporían taxantemente a que de antemán en abril de 2016 se fixe o tipo de 2018 e 2019. O que lle parece máis preocupante a engadir a todo isto. No ano 2018 e 2019 fai unha diferenciación entre urbana e rústica. Unha vez analizada en conxunto, se se trouxese unha proposta de alcaldía informada polo interventor habería que buscar unha confluencia nun tipo. A día de hoxe temos moitísimas vivendas que polo feito de estar nun terreo de natureza rústica poden ser perfectamente equiparables a un ben de natureza urbana e viceversa, e aquí están propondo tipos inferiores para a urbana. O cal para eles é claramente discriminatorio para os veciños á hora de pagar os impostos. É o valor catastral o que determina a liquidación e non que sexamos nos aquí os que diferenciemos uns veciños dos outros ao fixar tipos distintos cando non temos unha situación como a que había antes da ponencia de valores do ano 2013 de que unicamente en rústica ían as fincas rústicas e en urbano ían todos os inmobles con destino a vivenda ou vinculados á mesma. A día de hoxe hai máis de oitocentas vivendas que tributan en rústica no noso termo municipal a raíz da ponencia do ano 2013. Esta diferenciación para os anos 2018 e 2019 parécelles totalmente inxusta. Vanse opor a esta moción, aínda que segue mantendo o que dixo no seu día cando analizaron a rebaixa do tipo aplicable. A súa folla de ruta electoral coa que se presentaron, que é esa rebaixa comprometida de cómo mínimo un dez por cento. Cando corresponda a modificación do artigo once da ordenanza fiscal nº 1, ano a ano, e de maneira paulatina virán traendo propostas e as someteran a votación cos informes de intervención, axustándonos de maneira taxante ao desenvolvemento orzamentario, e non facer xa unha previsión para o 2018 e 2019, cando aínda non temos a día de hoxe os orzamentos do ano 2016 e non se pode analizar o que vai a supor na súa execución esa



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

rebaixa por encima do que era o tipo previsto do 0,58 na proposta da alcaldía no mes de decembro pasado.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que tanto lles ten que sexa agora, dentro de tres meses ou antes de que acabe o ano. O que importa é que en tempo e forma para que entre en vigor e poida aplicarse. É certo que van a haber setenta e seis mil euros menos que en 2015, pero tamén son vinte mil euros máis que en 2013, que foi cando entrou en vigor a revalorización dos valores catastrais. Si á diferenciación entre urbano e rústico. O que hai que ver é o sentido da moción. O que suscitan é conxelar a recadación no ano 2016 ao longo da lexislatura. Os cálculos ben se ven na táboa, non é un capricho por un coeficiente ou outro, o que se tratou é que fora a mesma recadación. Non lle faga demagogia con que é un feito discriminatorio. Sabe que os recibos non van a subir aplicando este coeficiente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que como non van a subir os recibos se a aplicación da ponencia de valores supón un incremento do dez por cento dende o ano 2013 ao ano 2023. A recadación é a mesma para urbana e rústica, pero si inflúe de maneira individual a cada un deses recibos.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que teña en conta o que establece a táboa tres. Mantense a recadación.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta se de maneira individual esta seguro se algún veciño non lle vai a seguir subindo o recibo do IBI independentemente do tipo fixado para o ano 2016.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que de xeito individual é imposible. Hai que ter en conta o conxunto.

Intervén o Sr. Alcalde, que asegura que vai haber veciños que este ano van a pagar máis IBI pese á baixada do tipo do 0,60 ao 0,56.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que o único xeito de analizar unha rebaixa é de xeito conxunto, de xeito individual é imposible. En ningún caso estamos afogando a economía do concello.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta canto vai aforrar cada veciño no recibo de baixar do 0,56 ao 0,54 no ano 2017, por recibo individual sabendo que hai aproximadamente doce mil liquidacións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que iso é imposible sabelo. Haberá casos en que suba, baixe.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a súa proposta é a conxelación dende o 2015. Que é tendo en conta a situación que el se atopou cando chegou ao goberno municipal. Por iso lle di que mentres non teña un exercicio completo non está disposto a asumir unha rebaixa maior a día de hoxe. Cando teña un exercicio completo poderá sentarse coa corporación e facer unha análise



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

como no día de hoxe. Non esta disposto a admitir a fixación dos tipos no 2017, 2018 e 2019. Se despois as contas realmente o permiten será o primeiro en dicir fagámolo.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que vai a ter menos recadación que en 2015, pero máis que en 2013.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o saldo negativo de 2015 van a ter que asumilo. Vai a condicionar moito en 2016 o feito de non ter máis fondos propios para acceder a subvencións, despois vamos ter que andar con modificacións de crédito para concorrer a convocatorias de axudas con cofinanciación. Quere que se remate o exercicio de 2016, vexamos como vai rodando e a continuación falemos ao respecto. Non vai a pedir que retire a moción, fixo os números, a traballou e quere que se faga así. Admita que dende o grupo de goberno que estamos levando a día o funcionamento municipal non nos gusta o plantexamento fixando o tipo para os próximos tres anos no ano 2016, levamos aquí nove meses.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que para eles non hai inconvinte en baixar o coeficiente en rústico para equiparalo co urbano. A proposta o que busca é conxelar dentro da medida que poidan prever o que é o tributo. Xa sabe que a título individual haberá casos que suba, baixe ou quede igual, analízalo individualmente é imposible.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que lles gustaría unha tributación máis progresiva tendo en conta o valor catastral das vivendas. Se se aplicase un tipo superior ás vivendas cun valor catastral superior a caída de recadación que temos por un lado a poderíamos recuperar por outro, e así manter a calidade e nivel dos servizos municipais. Se como se demostra na moción se mantén a recadación e non vai a supor un gran agravio para os ingresos municipais, o seu voto será favorable.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que están de acordo coa baixada de impostos, é o desexable. Están de acordo que o tipo impositivo no rural sexa inferior ao urbano por que non se teñen os mesmos servizos que no urbano. Estes son aspectos que se teñen que debater na comisión pertinente co informe do interventor. Falar de todas estas especificidades. Esta de acordo co goberno en que se debe facer ano a ano para non hipotecar a viabilidade, a marcha e funcionamento do concello para atender aos servizos básicos cos que ten que contar os veciños.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a por un exemplo, se a Deputación ten a ben dar a subvención para a pista multideporte, se fose necesario cofinanciar esta actuación como ocorre na maioría das subvencións nominativas, teríamos que buscar ese vinte por cento doutras partidas como sucedeu o ano pasado cando non había crédito para acometer as obras na praza de abasto. E despois dirase aquí que se quita da partida de educación para a escola infantil. Hai que buscar crédito onde sobra. Aquí son cinco euros por cada inmovible que se está propondo rebaixar a maiores con esta proposta de conxelación en catro anos supón multiplicar por cinco calquera tipo de subvención. O que estamos é a prexudicar aos nosos veciños. O dixo antes que setenta mil euros menos anuais supón condicionar máis de catrocentos mil euros de inversión anual. Apostemos polas inversións, se nos sobra remanente devolvámosllo aos veciños con actuacións que saian de acordos plenarios. A situación que temos é a que temos, é a que hai que sacar adiante. Hai moitos cartos nos orzamentos que están condicionados pola situación que temos. Tamén lle gustaría poder aforrarlle a cada veciño, ao mellor estamos perdendo de que se poidan investir outros catro euros. Non está de acordo con que en marzo de 2016 se condicione o 2017,



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA N° 22

2018 e 2019. Transcorrido o ano 2016, virá aquí co informe de intervención e se teñen solvencia suficiente para o 2017 cunha proposta de rebaixa. A súa intención como grupo de goberno para que se poida conxelar a situación primitiva o tipo é o 0,56 e para o ano seguinte traer unha proposta de 0,54, despois do 0,52 que é a mesma que plantexou o interventor.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que do que se trata é de conxelar o que vai a recadar este ano o concello, non se persegue outra cousa.

Intervén o Sr. Alcalde, que propón que se deixe sobre a mesa ata chegar ao fin do ano. Se se somete a votación o seu voto vai a ser negativo con todos os argumentos que lle deu.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que van a manter a moción. Se os políticos a nivel estatal están a pedirlle aos cidadáns que se apreten o cinto, tamén o temos que facer nas administracións.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de sete votos en contra (grupo político PP), catro votos a favor (3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE) e coas abstencións (5 grupo político UxO, sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político BNG.

Intervén a Sra. Soneira Rama, en representación do grupo político PP, que presenta a moción que se transcribe a continuación.

“O Goberno galego, co seu presidente e a conselleira do Medio Rural á cabeza, vén traballando no obxectivo de garantir a viabilidade e futuro do sector primario, impulsando iniciativas e acordos que contribúan ao mantemento estable da súa actividade e dos empregos a ela asociados.

O obxectivo final é garantir que as explotacións agrarias, gandeiras e forestais desenrolexen a súa actividade dentro dun marco de competitividade e crecemento. Trátase o sector primario do sector base da nosa economía. Dentro da defensa e protección dos nosos agricultores e gandeiros, compre, que dende o Goberno Central se aprobe unha bonificación potestativa do 95% sobre todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico.

Neste sentido, na Sesión de 16 de Marzo de 2016, do Parlamento Galego, foi aprobado un acordo sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Ministerio de Facenda e Administracións Públicas en relación co proceso de regularización catastral que está a desenvolver en Galicia, así como as actuacións que debe levar a cabo ao respecto.

Por tanto, dada esta situación do Sector Primario, tan importante na economía deste municipio e da Comarca de Ordes, proponho ao Concello de Ordes a aprobación dos seguintes acordos:

Primeiro.- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos Concellos de



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de deprezación funcional (entre o 0,20 e 0 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda que estas estean sen uso por cese de dita actividade.

Segundo.- Trasladar o Ministerio de Facenda por parte dos Concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o máis amplas posibles na súa tributación.

Terceiro.- Que se establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación ás súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario. Solicitude que o Concello de Ordes efectuará a tal efecto.

Cuarto.- Dirixirse ao Goberno Central a que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico ou solo de núcleo rural.

Quinto.- Establecer para o ano 2017 e posteriores no termo municipal de Ordes o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico, incluíndo así mesmo as compatibilidades na exención que permita a Lei dentro do solo cualificado como de núcleo rural para tódalas edificacións destinadas exclusivamente a un uso con actividade vinculado a explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (7 grupo político PP, 5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que xa no pleno de 27 de xuño de 2013 o seu compañeiro, Sr. Pedreira Mirás, trouxo ao pleno unha moción para solicitar exactamente o mesmo, que despois converteu nunha emenda para a modificación da ordenanza fiscal correspondente. Esta bonificación xa foi solicitado. O seu voto vai a ser favorable, é algo que xa veñan solicitando. Nesta acta a contestación do Alcalde foi que esta bonificación debe ser para as edificacións de uso agrario tal e como no seu día queden na revisión catastral, quedando excluídas as edificacións de uso residencial ou vinculadas ao mesmo, aparcamentos, garaxes, ...etc. Agora na moción tamén falan de construcións indispensables para o desenvolvemento das explotacións agrícolas

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son aquelas construcións que teñen o código BIG, ben de interese gandeiro, as que aparecen como almacén, garaxe, aparcadoiro, non están incluídas nesta proposta, nin na que se debateu no Parlamento e que foi aprobada.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que solicitaba esa aclaración para evitar a xeneralidade da que falaba o alcalde como voceiro do grupo político PP. Tamén nesa sesión o Alcalde dixo que para acollerse a unha bonificación debe ter a súa explotación en perfecta regulación e con licenza municipal. Isto é algo que xa se sobreentendía. O seu voto vai a ser favorable. Antes cando trouxeron a moción sobre educación, pola voceira do PP se nos dixo que este non era o foro por que xa se estaba a debater no Parlamento, agora vemos que isto xa foi debatido no Parlamento. Este é o foro adecuado. Chegar a acordos nos concellos é positivo para facer máis presión. Aínda que se leve a cabo o que se pide na moción. O problema que sofre o noso sector agrícola e gandeiro dificilmente terá solución con este tipo de medidas. A situación é dramática e isto non vai a solucionar o problema de prezos que teñen na actualidade.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que o PP se acorda agora da sangría que supón para os agricultores e gandeiros a imposición da revisión dos valores catastrais cando o proceso xa esta a punto de rematar. Este proceso o impuxo o PP cando aprobou a lei 16/2012, de 27 de decembro, pola que se adoptan medidas tributarias dirixidas á consolidación das finanzas públicas e impulso da actividade económica, cuxa vixencia remata o 31 de decembro de 2016. O goberno e grupo parlamentario do PP non atenderon no Congreso dos Deputados a proposición non de lei presentada polo grupo político do BNG relativa a bonificacións na taxa de regularización catastral. O día tres de marzo de 2016 o PP no Parlamento Galego votou en contra dunha iniciativa do BNG na que reclamaban ao goberno español a inmediata paralización do proceso de regularización catastral no rural. A deputada do PP Isabel García Pacín acusou ao BNG de realizar demagogia política con este tema. Agora traen esta moción. A modificación do R.D 1020/1993 en nada afecta ao catastrazo no medio rural, aproba as normas técnicas de valoración e o cadro marco de valores do solo e construcións para determinar o valor catastral dos bens inmobles de natureza urbana. O que propón o PP é trasladar ao Ministerio de Facenda e concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras teñan máis amplas exencións na súa tributación. Esta solicitude contrasta radicalmente contra os feitos executados recentemente polo PP como grupo parlamentario con maioría absoluta no goberno do Estado. Dende a súa toma de poder no 2011 o PP obrou totalmente en contra do que propoñen na moción. Tamén se propón dirixirse ao goberno central para que se exima do pago da taxa prevista no proceso de regularización catastral e a devolución das ingresadas que afecten ás explotacións en solo rústico. Se agora esta de acordo por que o PP non apoiou a proposición non de lei presentada polo BNG no Congreso dos Deputados con esta mesma pretensión.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que está xa foi unha proposta que trouxo no ano 2013 o Sr. Pedreira Mirás. Están de acordo co contido da mesma por que ven sendo basicamente a mesma.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os coeficientes de depreciación son de aplicación por igual aos bens inmobles urbanos e rústicos, unicamente o cálculo do valor do solo se calcula de forma diferente e non existen coeficiente de depreciación para a obtención do valor do solo rústico. Si é de aplicación o R.D. 1020/1993, para que isto se poida sacar adiante. Agarda que esta proposta que se aprobou no Parlamento saia adiante e poidamos bonificar dunha vez por todas. Nese pleno do ano 2013 tamén traían unha moción similar, como o Sr. Pedreira Mirás intervíña primeiro apuntábase o tanto, para facer unha redución do 95% para as explotacións agrícolas e gandeiras. Na acta do pleno verá que no se chegou a debater a súa moción, nin a nosa, por que se tratou directamente na ordenanza fiscal. O BNG traía unha moción igual. O importante é poder chegar a sacar adiante o acordo e despois que a FEGAMP o informe





## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

favorable. O PP este ano a efectos de impostos este ano fixo moito, imposto de sucesións catrocentos mil euros por herdeiro que deixan de tributar, imposto de transmisións exento, imposto de actos xurídicos documentados exento. Son moitas as vantaxes fiscais que se lle conseguiron dar ao rural de maneira inmediata coa Lei de orzamentos da comunidade autónoma para este ano 2016.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que estamos en ano electoral, no ano 2012 o subiron desproporcionadamente, obrigaron aos concellos a facer a revalorización dos valores catastrais, a subir o tipo de gravame.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de quince votos a favor (7 grupo político PP, 4 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, 1 grupo político mixto-PSdeG-PSOE), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o acordo seguinte:

Primeiro.- Solicitar unha moratoria do Ministerio de Facenda para que este proceso non se desenrole sen ter suficientemente valoradas as peculiaridades e a idiosincrasia dos Concellos de Galicia. Que se modifique o Decreto 1020/93 no sentido de incluír un coeficiente de depreciación funcional (entre o 0,20 e 0 0,80) para as edificacións destinadas a usos agrarios, extensible aínda que estas estean sen uso por cese de dita actividade.

Segundo.- Trasladar o Ministerio de Facenda por parte dos Concellos a necesidade de que as explotacións agrarias e gandeiras galegas teñan exencións o máis amplas posibles na súa tributación.

Terceiro.- Que se establezan fórmulas de colaboración a través da FEGAMP para prestarlles o asesoramento preciso aos Concellos de Galicia que o soliciten en relación ás súas competencias normativas no IBI e a repercusión que estas poidan ter no seu ámbito financeiro e de equilibrio orzamentario. Solicitude que o Concello de Ordes efectuará a tal efecto.

Cuarto.- Dirixirse ao Goberno Central a que aprobe unha exención da taxa prevista no proceso de regularización catastral 2013-2016 a futuro e que devolva as xa ingresadas nos supostos que afecten ás construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico ou solo de núcleo rural.

Quinto.- Establecer para o ano 2017 e posteriores no termo municipal de Ordes o máximo permitido de bonificación do 95% da cota íntegra do IBI para todas aquelas construcións indispensables para o desenvolvemento de explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais situadas en solo rústico, incluíndo así mesmo as compatibilidades na exención que permita a Lei dentro do solo cualificado como de núcleo rural para tódalas edificacións destinadas exclusivamente a un uso con actividade vinculado a explotacións agrícolas, gandeiras ou forestais.

#### **PUNTO NOVENO: ROGOS E PREGUNTAS.**

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 26

neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, voceira do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes.

- Dende o Partido Socialista de Ordes foron numerosas as iniciativas presentadas no Congreso para que a estrada N-550 fose mellorada ó seu paso polo municipio, xa que contaba cun moi mal estado de conservación así como con numerosos puntos perigosos. Sen embargo, seguimos observando como emana auga nun dos carrís da N-550 á altura do Mesón do Vento, tal e como amosa a foto, situación que pon en risco a seguridade viaria dos numerosos vehículos que transitan a diario por esta estrada.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que solicite ó Ministerio de fomento que acometa unha actuación integral de renovación do firme na mencionada zona, que solvente tamén o problema da auga arriba mencionado.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se lle dará traslado.

- A conservación das fontes do Concello conleva a realización dunha serie de traballos de mantemento, xa que as mesmas son un ben patrimonial escaso e moi empregado e valioso.

Ó longo das últimas semanas foron varios os veciños e veciñas que se dirixiron a este grupo municipal para darnos traslado da súa preocupación pola situación na que se atopa a fonte de Esmorís, xa que leva máis de un mes sen botar auga.

Esta fonte é unha das máis empregadas do municipio, xa que inclusive son moitos os veciños e veciñas de outras zonas do concello que se desprazan ata alí para ir a buscar a auga.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que revise de urxencia cales poden ser as razóns de dita situación para restablecer o funcionamento normal da mesma de forma urxente.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as fontes forman parte do dominio público hidráulico, é competencia de Augas de Galicia. Esta fonte é unha concesión administrativa, os veciños viron o problema, hai unha rotura no depósito e problemas na captación, están tramitando as autorizacións para a reparación, xa lle chegou a de Augas de Galicia, van a presentar a comunicación previa no concello. A captación esta sobre unha parcela do concello no parque empresarial, pero o concello non ten ningunha competencia sobre a auga. Unha vez resoltas as perdas de auga, a auga sobrante do consumo doméstico volverá a fluír por onde o facía habitualmente. Con quen hai que tramitar a autorización é con Augas de Galicia.

- Varios veciños e veciñas de Poulo están moi preocupados porque no cemiterio do Outeiro faltan moitas lousas dos panteóns, situación que xa ten acontecido varias veces no pasado.

Polas características de patrimonio sería convinte vixiar dito cemiterio ou colocar cámaras de seguridade que impidan que esta situación se siga repetindo no futuro.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que actúe de inmediato reforzando a vixilancia no mencionado cemiterio ou colocando cámaras de seguridade para impedir que sigan desaparecendo lousas.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que ese cemiterio non é municipal, non se pode actuar. Pero non é certo. Os primeiros problemas no cemiterio foron no 2007, no primeiro semestre de 2011 roubáronse moitas lápidas. Na asemblea de 2 de xullo de 2011 os veciños de Poulo acordou pechar o cemiterio. Na asemblea de 28 de xaneiro de 2012 aprobouse o orzamento máis barato, pagándose proporcionalmente cada veciño. En maio de 2012 faise a obra. Dende entón non volveu a faltar ningunha lápida. Nese momento faltaban sesenta lápidas, fóronse repondo, agora faltan vinte e dúas por que os veciños non as repuxeron.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que como concelleira un veciño lle traslada unha preocupación a súa obriga é traela aquí, comunicoullo un veciño.

- A eliminación de barreiras arquitectónicas debe ser unha prioridade para calquera goberno. O goberno socialista coa súa lei de dependencia deu un paso fundamental neste campo.

Os socialistas de Ordes vemos prioritario que na Rúa Víctor González Faya, no seu lado esquerdo cara ó bar Ché, se pinten prazas de aparcadoiro e á altura do Centro de Día e da Residencia de Maiores se pinten, alomenos, dúas prazas para minusválidos xa que é preciso eliminar todos aqueles obstáculos que impidan ás persoas con discapacidade sentirse plenamente integradas na sociedade en igualdade de condicións e oportunidades.



## CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que actúe de inmediato procedendo ó pintado das citadas prazas de aparcadoiro nesa marxe da rúa Víctor González Faya.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta mesma maña estivo a concelleira de obras co capataz de obras revisando a sinalización horizontal que se vai a tratar de efectuar durante este mes. Unha vez que o tempo o permita vaise a proceder a facer a sinalización que faga falta. Hai esa sinalización pendentes e outras máis que se trouxeron ao pleno. Antes de que remate o mes de abril espera que estea executada.

- De novo, estamos observando unha proliferación de vertedoiros incontrolados no municipio, xa inclusive no casco urbano.

A pesar da existencia dun punto limpo gratuíto algúns veciños seguen optando por empenñar a natureza como vertedoiro. Na foto que se adxunta vemos que no Paraíso, en plena zona urbana, na calle Pascual Veiga, hai electrodomésticos tirados dende fai máis de tres semanas.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que actúe de inmediato procedendo á súa retirada para evitar estas agresións medio ambientais e realizar as tarefas de vixilancia, mantemento, limpeza, control ou sanción que sexan necesarias.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se deu traslado para a súa eliminación. Están aparecendo moitos de forma continuada.

- Mediante un concurso e posterior aprobación plenaria fixouse o logotipo do Concello de Ordes, sendo gañadora a imaxe que se presenta abaixo e que durante case 7 anos foi a imaxe do Concello.

Como no seu momento foi aprobado oficialmente pola Xunta de Galicia, saíndo publicado no DOGA o 19 de agosto de 2008 o seguinte escudo do concello de Ordes:

Nembargantes, esta tempada estamos vendo un cambio radical na imaxe corporativa do noso concello, tal e como amosa a imaxe de abaixo, sendo mudado o logo anterior por unha imaxe que deteriora ó escudo oficial e cambia o logotipo.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 29

Instar ó Concello de Ordes a que respecte, como así se fai noutros concellos a pesares de mudar de goberno, o logo e o escudo oficiais. Non obstante, se chegado o caso, a intención deste goberno é facer este cambio de logo, deberían facerse mediante un acordo plenario.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa que asegura que o logo procede dun acordo plenario, apórtelle o acordo plenario onde se decidiu aprobar o logo como tal. A imaxe corporativa é consecuencia da nova imaxe da páxina web municipal que se tratará de presentar en Expo Ordes. A empresa adxudicataria do cambio na páxina web co novo enfoque esta a tratar de darlle dinamismo ao escudo municipal como esta a acontecer noutras webs municipais. O deseño o fixeron libremente traballando sobre o escudo, sobre o que se está a traballar con dúas cores por que é a única posibilidade que tiñan de desenvolver por que o escudo orixinariamente ten catro.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que lles chama a atención que de acordo coa documentación de aprobación do escudo oficial no DOG, con este novo logo se desvirtúa. Por iso querían saber as razóns deste cambio. O cambio é radical.

Intervén o Sr. González Santos, que sinala que o escudo está aprobado polo pleno e a Xunta de Galicia. O logo non é o escudo. O escudo hai que respectalo. O logo pode cambiarse, ten que vir ao pleno.

Intervén o Sr. Alcalde, que non se lle tocou a escudo. Esta é a imaxe corporativa.

- O vial que vai dende a AC-413 (Ordes, Raxide – Carballo) a Darefe é un vial moi empregado que conta cun tráfico importante.

Sen embargo, vemos como está moi deteriorado e inclusive as fochancas existentes no seu firme poñen en perigo a seguridade viaria e ao mesmo tempo ocasionan danos materiais nos vehículos.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que este vial de tal xeito que a solución sexa duradeira e se poda manter en boas condicións a longo prazo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está rebacheado. Iniciouse o plan de rebacheo e cando o tempo o permitiu se foron facendo as actuacións.

- O pasado mes de novembro trouxemos a Pleno un rogo no que instamos ó Concello de Ordes a que instalase unha protección, ben fose cunha rede ou con outro sistema, que evitase o impacto dos balóns no edificio situado ó lado do parque Herminio Rial. Ademáis trouxemos as fotos que evidenciaban a gravidade dos danos ocasionados na



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 30

parede lateral do mencionado edificio. Dende o goberno contestóusenos que se tomarían medidas unha vez rematasen as obras de reparación da escola.

Estas últimas semanas as obras parecen rematadas xa que non se ven os andamios nin ningún outro material de obra, polo que é necesario tomar as medidas urxentes pois este parque xa sufriu un deterioro moi importante ó estar totalmente a escuras ó romperse as farolas situadas no mesmo. Ademáis, se non se pon remedio os balonazos non só serán un problema para os veciños e veciñas senón que tamén as novas ventás da escola recién colocadas poderían verse danadas.

Por outro lado, os nenos e nenas pequenos que queren xogar neste parque moitas veces non poden ó ter risco de sufrir un balonazo cando están xogando co balón os máis maiores.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que actúe de inmediato dando unha solución a este problema ante a gravidade da situación descrita.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as obras non se remataron. A asociación Andaina que está alí está pendente de rematar as obras que quedaron sen executar polo obradoiro de emprego. Segue persistindo o problema. Pensan en por un cartel, un indicador que consiga que non se etea a golpear continuamente coa pelota ese mural. Ao mellor hai que repensar a colocación dos xogos no parque.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que a colocación do cartel é unha boa idea, tamén a recolocación dos xogos se o primeiro non obtén bos resultados.

- O benestar dos nosos nenos e nenas debe ser unha prioridade.

A semana pasada chegou a este grupo municipal información referente a aulas do CEIP Alfonso Rodríguez Castelao inundadas a raíz das choivas dos últimos días.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que solucione este problema ou lle de traslado de inmediato á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria para que solvente o problema coa máxima urxencia posible.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que en xaneiro deste ano estivo a Unidade Técnica e o Xefe Territorial, estase prevendo orzamentariamente o que se vai a facer. As actuacións faranse no momento das vacacións. Non se pode actuar cos rapaces dentro. A dirección do centro esta ao tanto.



## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 31

- En outubro de 2009 o Grupo Parlamentario Socialista presentou varias iniciativas no Parlamento nas que instaba ó Goberno galego a cubrir diferentes carencias e necesidades existentes no CEIP Alfonso D. Rodríguez Castelao. En particular, sinalábase a necesidade dunha actuación no centro que permitise eliminar as barreiras arquitectónicas que existían, pois impedían o acceso ó alumnado con problemas de mobilidade a varias aulas.  
Tras as demandas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria realizou a instalación dun “salva escaleiras” para a eliminación destas barreiras arquitectónicas.

Na actualidade, vemos como hai un problema semellante no instituto IES nº 1 de Ordes, onde o ascensor leva varios meses sen funcionar. De feito, un alumno rompeu unha perna e foi grazas a vontade de todos os compañeiros que mudaron a clase para a pranta baixa, ante a imposibilidade de subir ata a aula onde ordinariamente se imparten as clases.

Esta situación é inconcebible, posto que todo edificio público non só en que contar con instalacións axeitadas para estos casos e así salvar as barreiras arquitectónicas, senón que o mantemento das mesmas é fundamental para evitar situacións como a acontecida o 20 de setembro de 2011 cando se produciu unha accidente polo desprendemento do “salva escaleiras”, resultando ferido o alumno con problemas de mobilidade que neses intreos estaba utilizando.

Na súa condición de voceira municipal do PSdeG-PSOE no Concello de Ordes fórmulle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Instar ó Concello de Ordes a que solicite á Consellería de Educación e Ordenación Universitaria a revisión e reparación inmediata do ascensor do IES nº 1 de Ordes.

Instar ao Alcalde de Ordes a cumprir coa obriga que lle atribúe a lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia no tocante á cooperación coa Administración educativa na vixilancia do adecuado mantemento e conservación dos centros docentes públicos.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que o problema existe non dende fai uns meses, senón dende fai trinta anos que leva sen funcionar. Non sabía sequera que o había. O director do centro dixo que fai trinta anos que non funciona, o xefe de estudos di que nin sequera sabía que o había. O ano pasado o propio IES solicitou. Trásladan todas as inxerencias dos IES, nunca lle trasladaron nada sobre o ascensor.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que houbo un problema un día, pero o centro tiña problemas cos gastos propios para despois asumir os gastos de mantemento.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que o centro solicitou o ano pasado á Consellería que fíxese unha valoración. Estarán encima desa valoración, pero hai que facelo de novo. É unha obra moi custosa, hai que cambiar á máquina. Neste caso o que se fixo foi baixar o alumnado, que é o que se ven facendo estes anos. O mantemento dos IES non é competencia municipal.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 32

- Antes os acontecementos que tiveron lugar na semana pasada vese na obriga de formular este rogo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que sabe ao que se vai a referir, non procede. Non é un rogo para traer ao pleno.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que procede que se respecte tanto a ela como ao resto dos compañeiros da oposición.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a chama ao orde. Non procede que vaíamos a debater aquí isto.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que non o quere debater. So pide que dende o grupo de goberno se a respecte. Xa en xaneiro tivo que solicitar o mesmo cando foi acusada na prensa de ignorante e analfabeta.

Intervén a Sra. García Gómez, que sinala que nunca ela persoalmente por que se esta a referir a unha nota de prensa que sacou ela como voceira municipal.

Intervén a Sra. Gómez Fuentes, que sinala que se lle chamou analfabeta presupostaria.

Intervén a Sra. García Gómez, que pregunta se foi a ela á que se chamou, que traia a nota de prensa.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que é certo que non procede, non é o sitio. Pero nas redes sociais pola impulsividade do momento se falta ao respecto a unha compañeira e tamén ao grupo político UxO falando de onde están os cartos. Se hai algunha dúbida en canto á nosa xestión o falamos. Estas faltas de respecto aos compañeiros nin aquí, nin nas redes sociais. Isto o pide por favor.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se queren isto o falan na xunta de voceiros, non procede no pleno.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula o rogo seguinte.

- Varios veciños e veciñas puxéronse en contacto con este grupo municipal, amosando a súa preocupación pola gran cantidade de maleza existente nas parcelas das traseiras dos edificios do campo da feira, que se atopan no lado onde se atopa o museo do traxe.

Na súa condición de representante do grupo político BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que se inste aos propietarios desas parcelas ao seu correcto mantemento e limpeza, ou en caso contrario, que o Concello de Ordes actúe de oficio e pase os gastos xerados aos propietarios correspondentes.





## CONCELLO DE ORDES

### (A CORUÑA)

FOLLA Nº 33

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están de acordo. Xa se intentou o ano pasado, so se conseguiu parcialmente, tratarase que este ano sexa na totalidade.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes.

- Na estrada que discorre dende o Peñasco a Olas, atravesando Vilamaior, existen varias zonas nas que existen grandes desniveis entre a estrada e os terreos colindantes (por ex na ponte sobre o Río Buxán).

Nestes sitios non existe ningún tipo de protección que impida a caída de vehículos, nin se atopa correctamente sinalizado de tal maneira que se advirtan ós condutores da existencia do desnivel, o que provoca un problema de seguridade vial fundamentalmente en horario nocturno.

Na súa condición de representante do grupo político BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se coloquen sinais que advirtan ós condutores dos desniveis.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que este é un problema que temos en moitas vías do noso termo municipal. O punto máis preocupante aquí é a baixada dende a Armada ata a Ponte. Hai un proxecto xa que intentarán incluír nos orzamentos deste ano. Van a intentar conseguir financiación doutra administración para a execución da ponte, máis ampliar o radio da curva para dotala de maior seguridade. Os demais puntos comprométese a analizar a súa viabilidade para ver se se poden colocar algúns sinais ou carteis indicativos que non supoñan moito custe.

- Na Travesía do Regueiro existe unha deficiente iluminación, que provoca unha sensación de inseguridade nos veciños da zona.

Na súa condición de representante do grupo político BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Se proceda á colocación de algún punto de luz na zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai que sinalos e valoralos, o concelleiro de mantemento achegarase por alí para comprobalo e ver se procede a súa colocación. Cada punto de luz que se coloque supón un gasto de noventa euros anuais.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, que sinala que tamén lle pode dicir sitios onde os pode sacar, e non son poucos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o anima a que os acompañe a retiralos.



## CONCELLO DE ORDES

---

### (A CORUÑA)

FOLLA N° 34

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes.

- Tal e como se reflicte na acta da Xunta de Goberno Local n° 50/2015. O concello de Ordes gastou 750 € en pinchos para a garda civil na festividade da súa patroa, o 12 de outubro. Desde o BNG non consideramos correcto que o concello de Ordes asuma ese gasto, que debería asumir o propio corpo, como sería normal.

Na súa condición de voceiro do grupo político BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

A que o concello de Ordes abandone esta práctica.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que son moitos os anos que se ven facendo así. É un acordo de todos os concellos aos que atende o posto da Garda Civil. Non van a cambiar este hábito.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se fixo no ano 2015, non no ano 2014. O concello non debe financiar este gasto

Intervén o Sr. Alcalde, que no 2014 non se fixo a festa. Mentres o resto dos alcaldes teñan a ben facelo, tamén o fará Ordes.

- O tubo de pluviais no paseo de Iván Raña, onde esta o monolito, hai unha fonte, está polo medio do río.

Na súa condición de voceiro do grupo político BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Revisar a zona para reparalo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

- Hai un residuo que apareceu na rúa República Arxentina, un tubo de fibrocemento, que leva alí xa un tempo.

Na súa condición de voceiro do grupo político BNG no Concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Investigar quen o depositou ou pasar a retiralo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se procederá a súa retirada.



**CONCELLO DE ORDES**  
**(A CORUÑA)**

**FOLLA N° 35**

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e dúas horas e vinte minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

**O ALCALDE**

**O SECRETARIO**